



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Maio 2021 • Nº 255



CICLO EXPOSITIVO NA CASA DAS ARTES DE VEDRA

■ Vedra non para... E a súa cultura tampouco!

Outro exemplo disto será a reactivación da súa Casa das Artes, que neste 2021 acollerá diversos proxectos.

...En maio comezamos coa exposición "AUGA: O SANGUE DA TERRA"

Un proxecto de Manuel Valcárcel que chega a Vedra a través de A fundación Obra Social ABANCA do 6 ao 28 de maio.

• Horario: luns, mércores e venres de 16:00 a 20:00 horas e os sábados de 11:30 a 13:00 horas.

...En xuño chegará a exposición "Fin de curso" das actividades artísticas municipais, así como a homenaxe ao lembrado "Caxaraville". Pronto terás toda a información.

..E despois do verán continuaremos con este ciclo.

Se queres participar expoñendo, se coñeces algunha alternativa cultural ou simplemente queres compartir información sobre proxectos ou propostas que poidan encaixar neste espazo só tes que escribirmos a cultura@concellodevedra.com ou chamarnos ao 981 814 691.



AUGA O sangue da terra

Un proxecto de Manuel Valcárcel

Casa das Artes de Vedra
Lugar Nande - San Fins de Sales
Vedra (A Coruña)

6 a 28 de maio 2021
Luns, mércores e venres 16.00 a 20.00 h
Sábados 11:30 a 13:00 h

Folleto dixital



//Fundación
Obra Social ABANCA

MAIO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

NOVO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA EN VEDRA

■ Lembra que Vedra conta cun novo mapa de transporte público e que tes moitas máis expedicións e frecuencias ao longo do día para subir ou baixar de Santiago.

CONSULTA AS TÚAS DÚBIDAS OU INFORMATE SOBRE AS NOVAS RUTAS NO TELÉFONO 981814612 OU NO CORREO ELECTRÓNICO alcaldia@concellodevedra.com





A EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

■ Cunha programación especial con motivo da Festa do Viño da Ulla no mes de abril desenvóléronse as seguintes actividades, organizadas pola comisión de festas de San Miguel de Sarandón e polo Concello de Vedra:

■ A charla en liña “A posición da Ribeira do Ulla na D.O. Rías Baixas” impartida polo Secretario Xeral da D. O. Rías Baixas Ramón Huidobro Vega e que se pode visualizar na web municipal.



■ A III Cata-Concurso dos Viños Rías Baixas Albariño da Subzona Ribeira do Ulla. Celebrouse o sábado 10 de abril e tivo os seguintes viños premiados:

- Gundián de Adega Valdés (Vedra)

- Marecaste de Viña Marecaste (Teo)
- Froiña da Adega Casa do Sol (Vedra)



■ A visita do programa da TVG “Que nos pille rebolando” con entrevista á comisión de festas, as actuacións dos grupos a Gaita de Sarandón, os Campiños e a Requinta da Laxeira (A.C. San Campio).



MES DO LIBRO EN VEDRA



Cunha campaña de sensibilización pola lectura con recomendacións literarias que tivo o seu broche o propio 23 de abril coa presentación do libro “O día que todo cambiou”, da vedresa Concha Otero.

CURSO DE MONITORADO DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE



En abril rematou a fase teórica do Curso de monitorado de actividades de tempo libre organizado polos concellos de Vedra e Boqueixón, na súa versión presencial e en liña.



CURSO DE DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE



Remata a fase teórico práctica do Curso de dirección de actividades de tempo libre organizado polos concellos de Vedra e Boqueixón.


O V12... EN ABRIL PERCORREU A PARROQUIA DE SAN MIGUEL



Séguelle a pista a esta alternativa coa que coñecer o noso concello dunha forma orixinal e diferente. Cada semana un novo vídeo nas nosas redes sociais e na web municipal!

ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS

A PRESENTACIÓN DO “ULLA ORALMENTE” DA ASOCIACIÓN RAICEIROS



O venres 26 de marzo a Asociación Raiceiros presentou en liña o seu novo #cadernodecampo *Ulla Oralmente* e contou coa intervención de Antonio Reigosa Carreira, investigador da cultura popular galega.

VOLTA Á ACTIVIDADE DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA



Durante o mes de abril a Escola de Fútbol da EEDD de Vedra volveu á actividade, con adestramentos e competicións en algunhas das súas categorías.

VEDRA LOITA CONTRA A VELUTINA!

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.




ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1



Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

IMPORTANCIA DO CONTROL DA AVESPA ASIÁTICA

A vespa velutina ou máis comunmente coñecida como asiática comeza a ser un grand problema para a biodiversidade no noso país.

Matan polinizadoras e outros animais para alimentar as súas larvas e ademais de ser unha alarma polas súas picaduras, a súa extensión causa estragos ambientais e económicos, especialmente na comunidade agrícola e apícola.

Este tríptico é un resumo da información máis importante que debemos coñecer acerca da Vespa Velutina.

COMO DIFERENCIAR OS NIÑOS

Os niños de Vespa Velutina son de forma redondeada e de maior tamaño có dunha avespa autóctona. Normalmente entre os 80 cm e 1 metro. Na gran maioría dos casos atópanse no alto das árbores e teñen a entrada por un pequeno furado no lateral do propio niño.



QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.




INFORMACIÓN SOBRE

CONTROL DA VESPA VELUTINA

"AVESPA ASIÁTICA"



Concello de Vedra



Se atopas un niño de velutina chama ao 012

PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ O 31 de maio remata o prazo para realizar os traballos de limpeza e corta de arboredo naquelas parcelas que incumpran co disposto na Lei de incendios e nas súas posteriores modificacións. A partir deste momento e tendo en conta, ademais, que o concello de Vedra é un municipio considerado zona de alto risco de incendio as persoas que incumpran coa normativa vixente en materia de prevención de incendios expóñense ás correspondentes sancións. A maiores disto a Administración poderá repercutirle os gastos de





extinción no caso de incendio forestal. Por iso rogámoslle a todas as persoas propietarias que inda non cumpriron con estas obrigas que o fagan coa maior brevidade posible.

OBRIGAS:

1º. Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais:

- a) ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (recordamos que hai que limpar tamén a maleza

das parcelas urbanas)

- b) arredor das edificacións situadas a menos de 400 metros do monte

- c) arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte

2º. Retirar piñeiros, eucaliptos, mimosa, acacia e o resto de especies recollidas na D.A. 3º da Lei de incendios que estean situados a menos de 50 metros dos solos e edificacións indicados no punto anterior

PARA O VERÁN!

■ Na primavera... Vedra pensa XA no seu VERÁN!!

Prepara con bo ánimo unha nova edición do seu PA-SATEMPO DE VERÁN co seu concepto de:

...AMENCERES

...TARDIÑAS

...NOITIÑAS

Que incluírán accións de todo tipo: culturais, creativas, artísticas, de ocio, deportivas, saudables... E que chegarán ás 12 parroquias!!

...MOITA ATENCIÓN, SEGUIREMOS INFORMANDO!!

E nesta mesma liña tamén anunciamos que existirán diferentes accións de conciliación:

- **O Ludoverán:** Que neste mesmo exemplar anunciamos o seu prazo de solicitude.

- **O Acamparte da ANPA CEIP Ortigueira:** Unha proposta para a infancia de 3 a 12 anos para as mañáns de xullo.

- **A Escola de Verán da Asoc. Medioambiental Amabul.** Unha proposta para a infancia e a xuventude para as mañáns de xullo e agosto.

Este verán... máis Vedra que nunca!!



CAMPAMENTOS DE VERÁN 2021

■ O próximo verán temos previsto realizar os tradicionais campamentos "de mar" dirixido á rapazada nada a partir do ano 2005 e ata o 2012.

Esta actividade socioeducativa e de desenvolvemento persoal ten por obxectivos potenciar as relacións interpersoais entre os máis novos creando un clima de afecto, comunicación e participación, propoñer experiencias novas de goce do tempo libre, fomentar hábitos de conduta saudables a través do contacto coa natureza dun xeito positivo, favorecer a convivencia entre os participantes e promover o aprendizaxe dende o punto de vista da educación non regulada e informal.

A situación xerada pola COVID-19 fai que os campa-

mentos se deban adaptar ás novas necesidades, tendo en conta as medidas preventivas para ter unha actividade segura; pero tamén sendo conscientes dos continuos cambios que se poden suceder polas restricións e normativas que condicionan as convocatorias e en xeral os procesos.

Estamos traballando para que na última semana de xuño (do 23 ao 30), se poidan realizar os campamentos, pero a data de hoxe aínda non o podemos confirmar. Agardamos que proximamente sexa posible facilitar toda a información relativa a número de prazas, requisitos de participación, prazos de solicitude, etc. Moita atención ás nosas redes e aos nosos medios de difusión.



XESTIÓN DE BIOMASA NAS LIÑAS DE ELECTRICIDADE

■ O Concello de Vedra informa a toda a veciñanza de que UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. en cumprimento da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, realizará en

próximas datas traballos de xestión da biomasa na franxa de 5 metros respecto das súas liñas de tensión. Toda a información na sección de novas da web municipal.

NOVA ORDENANZA REGULADORA DA CORTA, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA (BOP Nº 47, 11/03/2021)

■ Coa finalidade de protexer e conservar os camiños e vías municipais fronte aos danos causados polas sacas de madeira o Concello de Vedra acaba de aprobar esta ordenanza que se aplicará a todas as operacións de saca de madeira.

Quedan excluídas desta ordenanza:

- As cortas puntuais de exemplares de árbores illadas ou que non superen os 10 m³ ou 10 tn.
- As podas e rebaixes.
- O clareo de rebrotes.
- Traballos de roza e limpeza de predios.
- As cortas que teñan por finalidade consumo domésticos con vehículos agrícolas.
- Eliminación de perigo para persoas ou bens.

Nos casos de aplicación da ordenanza deberán presentar unha comunicación previa no prazo de 15 días hábiles de antelación á data de inicio dos traballos, sempre sen prexuízo da obtención previa dos permisos e autorizacións sectoriais necesarios, como por exemplo os referentes á protección do patrimonio cultural.

Ademais deberán aboar a taxa correspondente a este trámite. Así mesmo, deberá depositarse unha garantía por parte da empresa madeireira para estes traballos.

No caso de previsión de cortas habituais ao longo do ano, poderase constituír unha fianza anual.



Voluntariado

ASOCIACIÓNS E VOLUNTARIADO

■ A Axencia Municipal para o voluntariado e as asociacións é un servizo de información, asesoramento e formación a disposición de todas as iniciativas socioculturais que se poñan en marcha no noso concello.

QUE QUEREMOS?

- **DIFUNDIR E SENSIBILIZAR** entre a poboación en xeral, o valor do voluntariado como forma de participación social e exercicio de responsabilidade.
- **INFORMAR E ORIENTAR** sobre voluntariado: oportunidades e necesidades do mesmo, programas, recursos.
- **OFRECER SERVIZOS DE APOIO ÁS ASOCIACIÓNS E PERSOAS VOLUNTARIAS:** documentación, formación e asesoría dirixida ás entidades e ás persoas voluntarias, para que consoliden a súa acción.

- **INTERMEDIAR** para potenciar os vínculos entre organizacións e posibles persoas voluntarias, aquí e en proxectos de voluntariado europeo.

- **FORTALECER O TECIDO ASOCIATIVO** das áreas nas que traballamos mediante a información e a formación coas asociacións de mulleres, mocidade, veciños, culturais, deportivas...

- **IMPULSAR O TRABALLO EN REDE**, a nivel local e autonómico, de forma que se enriqueza a nosa práctica diaria e se fortaleza a acción.

QUE FACEMOS?

SE QUERES FACERTE VOLUNTARIO/A, AGARDÁMOSTE PARA:

- **INFORMARTE** das organizacións, dos programas e dos postos de voluntariado.

- **ASESORARTE** sobre os teus dereitos e deberes como persoa voluntaria.
- **INTERMEDIAR** para potenciar os vínculos entre organizacións e posibles voluntarios, aquí e en proxectos de voluntariado europeo.

- **FORMARTE** para comezar o teu labor de voluntariado.

- **ACOMPANARTE** no teu labor voluntario.

SE SODES UNHA ASOCIACIÓN, APOIÁMOSVOS EN:

- **DIFUNDIR** a información das vosas actividades.
- **DERIVARVOS** persoas voluntarias.
- **INFORMARVOS** de recursos e actividades.
- **ASESORARVOS** sobre temas de xestión e administración.
- **BUSCARVOS** espazos de coordinación.

- **FORMARVOS** nos temas que demandedes.

Ollo!, recorda:

- Se téis máis de 55 anos podades participar no programa de voluntariado sénior “A Maiores”
- Se téis entre 16 e 30 anos, podades participar no programa de voluntariado xuvenil “Val do Ulla”.



Máis información nos teléfonos 981 814 695 - 981 814 691 ou en voluntariado@concellodevedra.com.

Educación

VEDRA MEDRA CO CAMIÑO

■ O venres 9 de abril estivo no centro CPI Plurilingüe de Vedra a arqueóloga, Ana I. Filgueiras. O alumnado de 3.º da ESO tivo a ocasión de escoitar o seu relatorio “Camiño e tradición, o oficio de andar” na que a investigadora e veciña de Vedra abordou o significado do legado cultural relacionado co Camiño, tanto nos seus



aspectos prácticos como simbólicos e outros temas directamente vinculados coa peregrinación e o tránsito que deixaron a súa marca na paisaxe e na alma da xente ullá.

Chega a primavera con novas actividades como a participación no obradoiro de literatura tradicional no que se dará a coñecer *Ulla oralmente*, caderno editado pola Asociación Raiceiros. Isa Albela será a encargada de impartilo para os rapaces de 6.º de educación primaria e 1.º da ESO.

En maio está previsto ademais percorrer varios treitos do Camiño, a Vía da Prata e o Camiño Miñoto-Ribeiro, e facer a ruta do río Pereiro.

En **Vedra medra** seguimos a gozar da contorna vedresa de man do seu patrimonio.

Continuamos actualizando contidos relativos ás nosas actividades no Facebook **Vedra medra** e no espazo web do CPI de Vedra.



AS LETRAS GALEGAS EN VEDRA

QUEDAS EN NÓS!

■ No 2021 as Letras Galegas levan nome de muller con Xela Arias como protagonista e Vedra conmemorará a data como é costume.

Para iso presentamos... *E ti, que te contas?*



Imaxe: Dende - CC BY-SA 4.0 (wikimedia.org)

Unha campaña de sensibilización e posta en valor da nosa lingua, do que significa para nós, do que agardamos dela, do seu porvir, do seu pasado,... do que nós queiramos.

Formato: Relatos breves dirixidos á nosa lingua con presentación libre (en forma de carta, redacción, conversa,...)

Requisitos:

- Estar escritos en galego.
- Ter un máximo de 200 palabras.
- Indicar nome, apelidos, enderezo e idade en documento aparte. (Tamén podes indicar neste apartado se queres que o teu relato se publique de forma anónima).
- Enviar o relato a cultura@concellodevedra.com



Letras Galegas 2021

Dedicado a Xela Arias
Editora, tradutora, poeta



Prazo de participación aberto ata o 10 de maio.

Todos os relatos serán publicados nos medios municipais de difusión.

Entre todos os recibidos sortearanse diferentes vales para gastar no comercio local de Vedra. A lista de persoas gañadoras publicárase xunto cos relatos o Día das Letras, o 17 de maio.

MÚSICA ÁS LETRAS COA BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

- **Data:** 16 de maio.
- **Hora e lugar:** ás 12:30 horas na carballeira de San Fins.

Será un concerto con música en galego en homenaxe ás nosas letras e a Xela Arias.

Aforo limitado cumprindo coa normativa preventiva da covid-19.



TESOuros VIVOS NO CAMIÑO DE INVERNO

■ Un proxecto que busca facer visibles a memoria colectiva e o patrimonio cultural inmaterial galego a través dos seus protagonistas, os chamados **tesouros vivos**, termo acuñado pola UNESCO para denominar



as testemuñas de vida relevantes, portadoras de saberes de alta significación para a comunidade ou de manifestacións humanas en perigo de desaparecer.

Josefina Pereira, veciña de San Mamede de Ribadulla (Vedra) aparece neste audiovisual contando historias e lendas arredor do Pico Sacro e Gundián.

Podedes escoitala aquí: <https://www.youtube.com/watch?v=f40ucvUixMI>

- Proxecto realizado por Xandobela Educación e Cultura
- Videocreación: Illa Bufarda

Turismo

Continúa o V12. "De parroquia en parroquia" V7.DE FLORA E FAUNA... EN MAIO, SAN PEDRO DE SARANDÓN

■ Xa estamos no ecuador, xa van alá 6 visitas. No mes de abril, durante a V6, De pesca e viño, falamos da primeira Festa do Viño, dos segredos do viño da Ulla, vistamos os furanchos e coñecemos moi de cerca o labor da Estación Ictiolóxica de Ximonde e a vida do salmón.



Neste mes de maio a V12. De parroquia en parroquia lévanos á parroquia de San Pedro de Sarandón, onde percorrерemos os seus recursos patrimoniais máis importantes e aproveitaremos para pasear por Cubelas e falar da flora e fauna, e sobre todo aprender sobre o noso patrimonio natural.

#re-descubreVedra

#recunchosdeVedra

#camiñandoVedra

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA"



"A cultura do viño na Ribeira do Ulla"

Consultar bases en: www.concellodevedra.com

de abril a novembro/2021
1.200 € en premios



LUDOTECA

■ O mes de maio gozaremos de actividades cheas de dinamismo e estimulación dos xogos de movemento. Dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para traballar a educación para a corresponsabilidade e a igualdade en todas as actividades implicando ás familias na actividade lúdica a través do xogo.

Con esta intención, expomos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogando en valores: Contacontos.
- Experimentos divertidos.
- Obradoiro emocional.
- "Mr/s. Manitas"
- Descubre e investiga: "xogos populares".
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Supercchef.
- Miúdos/as artistas.



...PRONTO CHEGARÁ... A LUDOVERÁN

■ Como todos os anos a Ludoteca inicia unha nova tempada de verán intentando cumprir coa maior e mellor calidade os seus fins educativos e sociais.

Este anos a programación estará enfocada arredor de dúas temáticas:

LUDOVERÁN
VEN A DIVERTIRTE!
DE 08:30 A 14:30

Inscripcións a partir do 1 de maio no Concello de Vedra

Xullo - Agosto
Nenas e nenos de 3 a 12 anos

Dinámicas grupais
Ximcanas divertidas
Talleres de cociña
Saídas pola contorna
Gran festa do verán
Pasillo a pasillo faremos o Camiño

Mais info:
carmen.sabio@concellodevedra.com
981 81 46 93 / 660 39 56 74

Ludoteca
Concello de Vedra

O Camiño das Pedras: coincidindo co Xacobeo 2021 unha parte da nosa programación enfocárase no Camiño de Santiago, mediante actividades coas que coñeceremos os tramos que percorren o noso concello, tanto da Vía da Prata como do Miñoto-Ribeiro, converténdonos incluso en auténticos peregrinos. Tamén faremos talleres centrados no traballo da pedra, un elemento fundamental neste tramo do camiño. Con esta temática trataremos de gozar do noso contorno, tanto natural como arquitectónico, aprendendo a valoralo e respectalo.

As Olimpíadas: xa que este verán teñen lugar os Xogos Olímpicos en Tokio, na ludoteca recrearemos este acontecemento deportivo a través de divertidas xincanas, dinámicas de grupo e tamén talleres de cociña xaponesa.

- O prazo de presentación de solicitudes: Do 03 ao 24 de maio de 2021, ambos incluídos.
- Lugar de presentación de solicitudes:
 - Sede Electrónica:
<https://sede.vedra.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>
 - Presencial:

PREVIA CITA (981 86 4693 ou 981 86 4612) no Rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

A solicitude colgarase na páxina web do concello.

Para calquera información poden poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

CONVOCATORIA ABERTA DO PROGRAMA BÁSICO COMUNITARIO 2021

- Programa Axuda no Fogar (modalidade de acceso libre concorrencia e dependencia).
- Programa de Educación Familiar.
- Programa de Información e Orientación.
- Programa de Prevención e Inserción / Axuda de Emerxencia Social.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

“CAMIÑOS DO COÑECEMENTO... VOLVE A VEDRA”



25/05/2021 16:30-18:00h

Seminario: Teatro. A construción do personaxe.

Dña. Beatriz Porrúa Refojo. Pedagoga e colaboradora do Programa Universitario de Maiores, da USC

26/05/2021 16:30-18:00h

Seminario práctico: Teatro. A construción do personaxe.

Dña. Beatriz Porrúa Refojo. Pedagoga e colaboradora do Programa Universitario de Maiores, da USC

27/05/2021 16:30-18:00h

Seminario: Herdanza: sucesión por causa de morte segundo o Dereito galego e o estatal.

D. Xaime Manuel Requeixo Souto. Licenciado en Dereito e Profesor do Programa Universitario de Maiores, da USC

28/05/2021 16:30-18:00h

Seminario práctico: Herdanza: sucesión por causa de morte segundo o Dereito galego e o estatal.

D. Xaime Manuel Requeixo Souto. Licenciado en Dereito e Profesor do Programa Universitario de Maiores, da USC

03/06/2021 16:30-18:00h

Seminario: Matemáticas, pídexas o corpo!

Dña. María Victoria Otero Espinar. Profesora Titular e investigadora da Facultade de Matemáticas.

Dña. Beatriz Álvarez Díaz e Dña. Érika Diz Pita. Investigadoras da Facultade de Matemáticas.

04/06/2021 16:30-18:00h

Seminario práctico: Matemáticas, pídexas o corpo!

Dña. María Victoria Otero Espinar. Profesora Titular e investigadora da Facultade de Matemáticas.

Dña. Beatriz Álvarez Díaz e Dña. Érika Diz Pita. Investigadoras da Facultade de Matemáticas.



Lugar de celebración:

**Centro sociocultural da Terceira Idade de Vedra.
Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo 41**

Información, consultas e matrículas no teléfono 981814691

Desenvolvemento Local

HAI VEDRA PLATAFORMA DE VENDA EN LIÑA

Despois dun inverno moi longo, inverno que durou un ano, chegou a primavera, e con ela a luz, as flores, a calor. É o momento de comprarse algo bonito, de comprar algo que nos faga sentir ben; como esa crema que deixa a pel agarimosa, como un colgante para darlle vida a ese vestido da tempada pasada, un libro que nos traslade ao Renacemento ou eses produtos que cheiran a terra para desfrutar dunha comida en familia. Bótalle un ollo na sección de actualidade da páxina web municipal





A ASOCIACIÓN AMABUL “COGOMELAR DE PRIMAVERA”

Un achegamento significativo á micoloxía específica desta época do ano, cunha saída de campo polos bosques do Ulla.

- **Data:** O 8 de maio de 2021, en horario de mañá.

As persoas interesadas en participar deberán cumprir o formulario de inscrición na web <https://www.amabul.org/cogomelar-primavera/>



CURSO DE DIRECCIÓN DE CAMPOS DE VOLUNTARIADO DA ASOCIACIÓN AMABUL



“ULLA ORALMENTE” DA ASOCIACIÓN RAICEIROS

Obradoiros nos colexios e distribución do caderno de campo: “Ulla oralmente” (durante o mes de maio).

Esta proposta permite iniciar un percorrido co que descubrir a riqueza da cultura oral do Val do Ulla.

O caderno de campo serve para tomar anotacións e facer actividades coas que acadar maiores coñecementos sobre a cultura oral: contos, lendas, adiviñas, refráns, xogos, costumes, cantares... toda a riqueza da FALA.

Toda a información na web municipal.



A ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO VI CONCURSO SERÁN DAS LETRAS

Unha nova edición desta proposta que inclúe as categorías de debuxo, relato curto e poesía. Podes descargar as bases en www.concellodevedra.com.

Este colectivo tamén presentará o vídeo “XOGOS TRADICIONAIS BAILADOS” arredor da conmemoración do Día das Letras Galegas.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com con co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.